




Revista trimestral do Ateneo Ferrolán ABRIL - MAIO - XUÑO. ESPECIAL POR UN MUSEO IMAXINARIO: CÓMO ASASINAR ÁS MUSAS 2011



POR UN MUSEO IMAXINARIO: Cómo asasinar ás musas

ATENEA

Nº41

Atene

4/1/11 11:27 AM

Ateneo Ferrolán

Faite soci@! Colabora con nos!

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº 41
Abril - Maio - Xuño. Especial Por un Museo Imaxinario: Cómo asasinar ás musas 2011

Dirección e Coordinación: ATENEO FERROLÁN
Redacción e administración:
Rúa Magdalena 202-204 - Ferrol (Galiza)
Teléfonos: 981.357.970, 981.354.098
Fax: 981.354.098

E_mail: **secretaria@ateneoferrolan.org**

WEB: **www.ateneoferrolan.org**

Facebook: **http://www.facebook.com/pages/Ateneo-Ferrolan/134569549934117**

BLOG: **http://ateneo-ferrolan.blogspot.com/**

ISSN: 1575-9679
Depósito legal: C-1937/99




Sumario

EDITORIAL. 2 ▸ **BIBLIOTECA — HEMEROTECA. 3** ▸ **ARTIGOS.** PRÉGASE LER ESTE RELATO COS OLLO PECHADOS POR MIGUEL ANGEL ALONSO DIZ. **6** ▸ **ESPECIAL — POR UN MUSEO IMAXINARIO: CÓMO ASASINAR ÁS MUSAS.** COCINANEGRA. **10** EXTRAFLAME. **12** MUSASINADA. **14** CONXURO CONTRA LECTURAS EXANGUES. **16** ASASINOS DE MUSAS - INSPÍRATE. **19** O CASO MARABILLA. **20** MATA UNHA MUSA ... INSPÍRATE. **22** BANG! BANG! **25** COMO ASASINAR ÁS MUSAS (E VIVIR PRA RELATO). **26** A MUSA NEGRA. **29** EN CELANOVA HAI UNHA NENA TRISTE. **30** REALIDADE. **33** AS FUNCIONS SOCIAIS DA ARTE. **34** ▸ **PROGRAMACIÓN.** ABRIL—MAIO—XUÑO 2011. **36** ▸ **FALAMOS DE...** BENITO LOSADA. **38** ANIVERSARIO SEIVANE. **39** XOSÉ NEIRA VILAS. **40** ▸ **TEATRO.** MANIFESTO DÍA INTERNACIONAL TEATRO 2011. **42** ▸ **O PARNASO.** MARIO MARCOS PARDO. **44** LOIS PEREIRO. **46**

ATENEA Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº41
Abril - Maio - Xuño. Especial Por un Museo Imaxinario: Cómo asasinar ás musas 2011
DIRECCION E COORDINACION Ateneo Ferolán
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**
COLABORACIÓNS Alberte Momán, Alfonso Láuzara, Ana Cibeira, Irene Quinteiro, Juan Emilio Rodríguez Fernández, Mario Marcos Pardo, Miguel Angel Alonso Diz, Óscar Bouzas, Tito Pérez Pérez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, María Ónega.

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores. A tod@s eles, grazas!







Chegou a primavera, e non chegou soa. Nunca o fai. Espérase coa ilusión de cada ano, logo de superado o inverno, abraiados polo renacer da natureza, pola luminosidade do ar, o trino dos paxaros e as alternancias e contrastes climatolóxicos que tantos estragos ocasionan ás veces…. Pero este ano 2011, nunha semana, en marzo, xusto a derradeira do inverno, ás portas do comezo oficial da primavera, desenvolvéronse acontecementos, uns moi lonxe, outros máis preto e os máis achegados, na nosa propia casa, no entorno familiar ou de amizade....

Os efectos do sunami en Xapón, con milleiros de mortos, xunto coa incógnita e anguria da radiación nuclear, a convulsión no mundo árabe, na outra beira do Mediterráneo, con centos de mortos e milleiros de situacións dramáticas, enfrontamentos extremos en distintos países, accións bélicas indetermiñadas e sempre perigosas.

E aínda por riba, traumas locais que, non sendo de orde universal, firen profundamente aos afectados, familias, amigos e colectivos, impactados pola dureza do acontecido.

Demasiados sentimentos acumulados en tan pouco tempo….

A EDITORIAL desta nova publicación de Atenea que subsiste, ata xa o Nº 41 grazas a colaboración de moitos e moitas, non podía ter menos que un esbozo desa primavera que sempre esperamos. Así que aí tedes un museo imaxinario ... asasinemos as musas!

Mil primaveras máis nos esperan e aí estamos para darlles cabida neste Ateneo e a súa sede que estase a rehabilitar, que será de tod@s e para tod@s @s que queirades darlle os parabéns a un colectivo aberto, como é o Ateneo Ferrolán, e un espazo común preparado e disposto a tirar cara adiante.
SAÚDE!

A XUNTA DIRECTIVA



O HURTO

—¿Qué ocorre?
—Acaban de roubarme unha boquilla de ámbar que tiña sobre a mesa.
—¿Coñeces ao ladrón?
—Debeu ser un que me refiriú fai pouco a mar de aventuras e rematou por pedirme unha esmola.
—¿Díchesllа?
—Non, non me inspiran mágoa homes que pordiosean podendo vivir do seu traballo.
—¿Sabes o que ten?
—Queixouse de non ter atopado fai tempo en que empregalas súas forzas. ¿Vaslle facer caso?
—¿Por qué non? Están cheas as rúas de xornaleiros que folgán.
—Os malos.
—E os bos. A crise é grande. Non se edifica e sobran milleiros de brazos.
—A crise non autoriza o hurto.
—Non o autoriza, pero esixe da sociedade que socorra aos que morren de fame. Estremécese a terra e veñen a ruina casas e pobos; saltan dos seús marxenes os ríos e alagan os vales. Soa ao punto un clamoreo xeral porque se corra en axuda dos que padeceron pola inundación e o terremoto. ¿Por qué ha de permanecer muda a sociedade ante as dores dos que sofren en apagados fogares e míseros tugurios as consecuencias da crise que non provocaron?
—Tratas en vano de disculpalo hurto. Consentilo é un crime. Non se pode blasonar de cultura a nación onde a confianza falta e a propiedade periga.
—¿Qué farás entón có teu presunto hurtador?
—Non farei; fixen. Mandei que o detiveran e o levarán aos tribunais.
—¡Por unha boquilla de ámbar!.
¿E se despois resulta inocente?
—Non a min, senón, ao tribunal correspóndelle averigualo.
—¿E te crees home de conciencia? Reflexiona sobre o mal que fixeches: levaches á perturbación, á zozobra e á amargura ao seno dunha familia. Imprimiches na fronte do acusado e dos seus fillos unha mancha indeleble. Puso Deus dá Biblia un sino en Caín para que non o matasen; pon a xustiza un sino pero nos que caen baixo a súa férula. Será inutil que se os manumita; os nublará enternamente a sospeita e os apartará dos outros homes. ¡Ai de él e dos seus se por falta de fiador entra na cárcere! Mantiña él o lume do fogar ben traballando, ben pordioseando; deberán os seus fillos ir mendigando para o seu pai, e recibirán en non poucas portar ultraxes por dádivas. Quixeches castigar ao que supós ladrón, e, sen sabelo, nin querelo descargaches a man en seres que ningún mal che fixeron.
—¿Debo, pois, consentir que sexa roubado?
—Direiche o que Cristo respecto á muller adúltera: castiga a quen te roube se te consideras exento de pecado.






—¡Cómo! ¡Cómo!
—Ves a palla no ollo axeno e non a viga no teu.
—¿Chámasme ladrón?
—Exerciste fai un tempo a avogacía. ¿Estás seguro de haber proporcionado sempre teus dereitos ao teu traballo?
¿Eres hoxe labrador? ¿vendes os frutos da tua labranza polo que custan?.
—Oféndesme: nada tomei nin tomo contra a vontade do dono.
—O tomaste onte aproveitándote da ignorancia dos teus clientes, e o tomas hoxe aproveitándote da necesidade dos teus compradores, como ese desdichado tomó a boquilla de ámbar aproveitándose do teu descuido.
—Non castiga nin limita lei algunhas os feitos do dos que me acusas.
—Tes razón: a lei non castiga ao que hurta, senón ao que hurta e defrauda sen arte.
—Eres atrabiliario como ningún. ¿Quén, ao teu xuizo, poderá decirse exento de pecado?.
—Ninguén: o impide a actual organización económica. Para os hurtadores sen arte bastan os presidios; para os hurtadores con arte non basta ó mundo.

Francisco Pi y Margall

No: "El Radical" 22 de xuño de 1935

NOVIDADES



22 Documentos do feminismo galego.
Fundacion Galiza Sempre.
O libro deixa constancia das principais campañas impulsadas no noso país polo movemento social a prol dos dereitos das mulleres, cunha énfase especial nos anos de construción do movemento nas décadas 70 e 80.
www.galizasempre.org



Pensares Galegos. Mulleres decisivas.
Fundacion Galiza Sempre.
Pon cara e voz as decisións, esforzos e pensamentos galegos con nome de muller.
www.galizasempre.org






Cadernos de fraseoloxia, nº12, 2010.
Centro Ramón Piñeiro.
Revista de investigación fraseolóxica que pretende estimula-la recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia.
www.cirp.es




Murguia, revista galega de historia, nº 19-20.
Asociación Galega de Historiadores.
Revista centrada na historia de Galiza.
www.revistamurguia.com



Novas de Galiza, nº 100.
NGZ.
Periódico galego de informaçom crítica.
www.novasgz.com



Nuestra Bandera, nº 226, IV 2010: "La crisis, causas y consecuencias"
Partido Comunista de España
Utopías/Nuestra Bandera é unha revista veterana das publicacións adicadas a cuestións sociais, culturais e políticas.
www.pce.es



Tempos Novos, nº 166.
Atlantica de información e comunicación de Galicia .
Revista mensual de información para o debate.



Protexta
Atlantica de información e comunicación de Galicia.
A revista de libros de Tempos Novos de crítica literaria con entrevistas, reportaxes, crónicas, pezas de creación e unha ollada ao blogmillo.





PREGASE LER ESTE RELATO COS OLLOS PECHADOS

Por Miguel Angel Alonso Diz

Nota do autor: " Pregase ler este relato cos ollos pechados"

A noite era unha fría compañeira chea de silencios pausadamente colocados naquelesanaqueles poeirentos, de ollada entre seria e durmida.

Deixei que os meus dedos percorreran os nomes escritos no lombo dos libros que meu pai, con tanto coidado, fora rescatando do cruento esquecemento cos agardaba.

- Foran tempos difíciles -, soia dicir con voz crebada polo tempo e o fume daquela pipa triste pola obrigada ausencia, que agora vagaba fría polo cuarto.

Os meus ollos, ausentes esferas, pousaron o seu latexo nun vello tomo que rezaba: "Filosofía de la ciencia". Dubidei uns segundos antes de tocar a súa pel curtida por aquelas mans agora tamén frías…

Inconscientemente atopeime de pe, acariciando con respectuoso agarimo aquel libro, e pechei os sentidos nun intento por recuperar aquelas horas… agora perdidas por sempre. E puiden ver de novo a figura do meu pai recortada contra a parede, no seu eterno escritorio de madeira. Levaba aqueles anteollos que o facían inda máis vello, e que nos últimos anos foran fieis compañeiros daquela chaqueta de la negra, que agora penduraba coma un morto a espera do seu eterno descanso, da gran cadeira que presidía a estancia.

- Os homes só temen o que descoñecen, por iso é tan importante o coñecemento meu fillo, por iso é tan importante.- asusteime ao oír a voz do meu pai coa claridade de hai anos.

O coñecemento… tal era o poder que exercera sobre o meu pai que non existiran os días e as noites, xa foran de traballo ou de lecer… só unha constante loita contra un monstro que para min, non deixaba de ser un invisíbel demiúrgo ao que era mellor non contradicir.

"Filosofía de la ciencia"… murmurei lentamente, e dun xeito moi cadencioso pousei aquel corpo aboiado polo tempo.

Coa ollada inda encollida, fun arrolando na alma aqueles nomes, amigos distantes do meu querido pai, mentres os meus beizos agochaban un laio contido:

Eugenio Agacino y Martínez, Roberto Novoa Santos, José Rodríguez Martínez, Domingo Fontán Rodríguez, Juan Jacobo Durán Loriga, Ramón María Aller Ulloa, Padre Sarmiento, Olaia Naveiras… e tantos outros pertencentes a campos do saber tan distantes como achegados ao home.

Entre todos, un nome reclamou con forza a miña atención… Rosalía de Castro.

Sen tempo para saber o que facía atopei aquel pequeno libro entre os meus dedos…
Follas Novas…

A científica da alma galega - pensei mentres un sorriso despistado deixaba a súa pegada de sal nas miñas meixelas. Lembro ao meu pai bebendo daqueles versos como se de auga se tratase…




Ateneo Ferrolán

Tal coma as nubes
que leva o vento,
i agora asombran, i agora alegran
os espacios inmensos do ceo,
así as ideas
loucas que eu teño,
as imaxes de múltiples formas
de estranas feituras, de cores incertos,
agora asombran,
agora acraran,
o fondo sin fondo do meu pensamento.

Ciencia, música, poesía…sobre eles o meu pai construíra a súa vida, que fora tan longa coma unha noite e tan corta coma un día de inverno.

E no medio de todo isto, as nosas conversas… sobre o mar, sobre a terra, sobre o home.

Deixei a Rosalía, alí onde a atopara e un infindo sentimento de desacougo invadiu o meu corpo exhausto pola falta de sono. Canto botada de menos ao meu pai!.

No seu cuarto, entre as súas cousas notaba a súa presenza, mais tamén a enorme ferida cosida no meu peito pola súa perda, e chorei. Chorei como facía tempo que non o facía. "Sapientia est potentia, fillo" –. E con este pensamento e unha fonda pena quedei durmido apoiado naquel xigante escritorio de madeira.

Cando espertei os primeiros raios de sol agarimaban os meus beizos coa forza da vida.

Erguinme con dificultade da cadeira que nas últimas horas fora refuxio e **frotei** con desgana os meus ollos. Lembrei que a miña mai pedirame que fora a casa da aldea para recoller aquelas cousas que eu topara útiles.

Alcei a vista e volvín a ver aquel vestiario do coñecemento humano, perfecta e sistematicamente ordenado. Todo estaba no seu sitio, tal como meu pai o deixara.

Ollei para a manga da miña camisa. Inda estaba húmida polas bágoas vertidas, e o eco do derradeiro pensamento volveu a min coa vitalidade dese sol que ameazaba con encher a estancia de alegría.


"Sapienta est potentia, fillo" – mais nesta ocasión o meu corazón encheuse de orgullo e respecto polo meu pai. Máis de corenta anos de docencia, de estudo, de busca, de reflexión…

- Meu fillo, recolle as cousas que te resulten útiles – dixera a miña mai.

Todo nesta habitación era útil- pensei mentres apagaba a esgotada luz. Saín e xurei retomar a loita onde meu pai a deixara. E non sei porque, pero dentro de min sentín co meu pai sorría, mentres xogaba con eses anteollos co facían inda máis vello.

Nota do autor: " Xa podedes abrir os ollos".




ESPECIAL POR UN MUSEO IMAXINARIO COMO ASASINAR AS MUSAS




Ateneo Ferrolán







Por, 938. Do lat. PROL 'por', 'para', vulgarmente POR.

Un, artigo indefinido que primeiro non foi máis que unha forma apocopada do numeral.

Museo s.m (lat. museum, lugar dedicado ás Musas). Institución cultural dedicada á conservación de obxectos que ilustran os fenómenos da natureza e as actividades artísticas, científicas e intelectuais do ser humano. 2. Edificio onde se conservan e exponse ao público estes obxectos.

Imaxinario, -a 1adx. Non real: "Unha liña imaxinaria que divide a superficie terrestre en dúas partes iguais". 2 Mat. Aplícase ao número que resulta de extraer a raíz cadrada dun número negativo. 3 m. Conxunto de imaxes ou representacións mentais que conforman a psicoloxía dunha persoa, dunha colectividade o de un ámbito determinado: 'O imaxinario dun escritor. O imaxinario colectivo".

Ou, conxunción, h. 950. Do lat. AUT íd.

Como, adv. E conx., s. x. Do lat. QUŌMŎDŎ íd. (lat. vg. QUOMO).




Asasinar, 1256. Do ár. haššāšî 'bebedor de hašîš, bebida narcótica de follas de cáñamo'. Nome aplicado aos secuaces do sectario musulmán coñecido polo Vello da Montaña, s. XI, que fanatizados polo seu xefe embriagados de hašîš, dedicábanse a executar sanguentas vinganzas políticas; aínda que empregado antes varias veces e con moitas variantes, o vocábulo non queda fixado e non se xeneraliza no uso castelán ata o s. XVIII.
Representar, interpretar, copiar ou repetir unha 'cousa moi mal".

As, 1 art. Forma plural do artigo feminino. 2 pron. pers. Acusativo do plural do pronome persoal feminino de terceira persoa. • Ten, o mesmo que a, frecuente uso recente: 'Pagaraas todas xuntas'.

Musas 1 f. Mit. Nome aplicado a certas divindades gregas que habitaban o Parnaso ou o Helicón co deus Apolo, cada unha das cales protexía unha arte ou actividade distinta.
2 Personificación de algo que se supón que inspira aos poetas e artistas as súas creacións. Pódenselles aplicar adxectivos, musa alegre [ou sombría]. ≈ Inspiración, numen.b

cocinanegra





EXTRAFLAME
por Alberte Momán

Dispérsanse as partículas na saia dun promontorio, auspiciado pola man que busca deitar o tronco irto. Cavan aló onde saben que atopar han o sustento, amputando as raíces que loitan contra a tracción. Os laios denotan o esforzo manifestado nunhas falanxes que, sobre a madeira, fican esbrancuxadas, sen a corrente vital que se concentra nun rostro descomposto, pero oufano por sentirse dono dos seus actos, da descomunal forza quen de vencer a madeira que contén a vida toda no seu interior. É ben sabido que o silencio da vítima non fai ao cazador, que se deleita co sufrimento propio e alleo, coa contundencia e coa humillación da derrota. O drama representado nas primeiras pólas que tocan a herba en cada acometida, buscando os azos necesarios para afastarse e volver arriba, sendo a súa condición erguida e lanzal. A neve das follas sobre o prado, enturba as gamas do verde, aumentando os matices, nunha efervescencia que proclama o apoxeo da loita que axiña ha chegar ao seu fin. A vítima treme mentres a despezan. As extremidades, apartadas para unha beira, son pasadas a machado. O tronco, como eixo visible da súa firmeza, é dividido en toros dun tamaño uniforme e estándar, segundo o estipulado non escrito do Le Corbusier das cociñas nórdicas. O sensacionalismo da narración fainos esquecer a causalidade, o punible na motivación do crime. Perdémonos na imaxe da devastación, na dor hipersensible ante a visión do desastre, preferindo ocultala da vista, apartar a ollada e considerar o feito como un mal inevitable. Aló queda o corpo fraccionado. Aló, tamén, a nosa visión crítica, a identidade do noso eu consciente.

-Era eu aínda novo de máis, non dono da materialización dos meus desexos, para sentirme culpable por ter dado as costas a tal feito. Da man da miña nai, que sorría cunha bandexa de chourizos na man oposta, e un bolo de pan pendurando, nunha bolsa de fío, do antebrazo. Axiña disperseime, pensando na forza do brazo da miña nai, que doadamente levaba varios quilos sostidos cunha soa extremidade. Co tempo, quixen ver a redención nun xeito de contar os aspectos máis cotiás como dramas escuros e irreversibles, como vítima constante dunha hipersensibilidade enfermiza.
-E dende canto é que lle vén acontecendo?
-Agora xa me parece que dende sempre.


-Ben, voulle receitar benzodiazepina antes de durmir e cando sinta a necesidade de manifestarse de tal xeito. É importante que reprima todo asalto de hipersensibilidade. Polo demais, procure durmir cando menos oito horas e faga deporte de xeito regular pero moderado.





A1





MUSASINADA
por Alfonso Láuzara

Foi cousa de pechar e abrir os ollos
soterrar un soño nas olleiras á espreita
botar unha ollada cara dentro do alter-ego
mergullar naquela luz arrubiada de altericidio
onde fican os frustrados solpores sen horizonte,
foi a teima de perseguir musas nos corredores oníricos
seres de luz que fuxen de poetas intrépidos
eses tipos que asinan poemas en cada intento
e recolleitan logo estrondosos voos de pombas
cada vez que invocan con versos a gaiola
onde outra musa suspira por escapar do peito.
Hai en cada noite escura un sol que brilla sen tregua
para alumear este periplo de soños e feitizos.
E vou entón coma couza delirante na procura dun foco
ata que arrepío da luz que me cega nesta escena de estrela
no intre mesmo en que a musa perde de vez o alento, devece,
e na sombra deste poema unha mancha vermella aflora
traza a figura máis bela do crime que me fixo poeta.
Confeso que asino e asasino a criatura mentres sorrío,
e fico esperto ollando fite a musa cadáver que tamén sorrí.









CONXURO CONTRA LECTURAS EXANGUES

por Ana Cibeira


Paxaro de cortiza
século XXI picado
cuspe negro de andoriña
nun brazo adolescente
colgando   dunha bañeira.

Serraduras na cabeza das aves
venas tristes na pel pálida
1 falsa suicida ensina as puntadas
da súa carne suxeita por arte de maxia,
difícil o baile e aínda a fala
de membros podres e diario corrido.
Eu mirando a estampa véxome
impedida a respirar con regularidade.

Plumas azuis, regos suxos
tinta baixo os ollos
o contorno das sombras
ten forma de xílgaro mudo,
lendo o primeiro parágrafo véxome
impelida a respirar con irregularidade.

Derme gravada, restos acibeche
claro que me seduce a celeste pauta
pero vou espirrar e soprar, soprar, soprar
botando a casa abaixo
detrás, o *lomo*-ceo deste retrato,
rodarán mazás e cortarei remolacha
sobre as tellas manteiga untada
fervendo un caldeiro d'auga
que na lareira será a túa trampa
cando me baixes buscar este Nadal
en forma de autoregalo
rendida eu xa
á publicidade das revistas modernas e raras.






Ateneo Ferrolán








Ateneo Ferrolán







ASASINOS DE MUSAS-INSPIRATE
por Irene Quintero


Disque os gregos antigos crían que as musas eran nove. As mesmas nove musas para todos, cada unha coa súa labor específica. Eu non che sei moito da mitoloxía grega, nin de ningunha outra, pero sei que non é así. Seino porque eu vexo as musas da xente, cada un ten a súa, e todas son diferentes. Algúns teñen musas moi pequerrechas, que van apurando os pasiños curtos detrás dos seus, de tal modo que se esas persoas van pola vida ás presas, sen mirar nunca para atrás nin levalas da man, as musas non as poden alcanzar e pérdense. E logo cústalles moito atoparse de novo, mesmo hai veces que nunca volven a encontrarse, ben porque a persoa non o intenta (feito para min incomprensible) ou ben porque por máis que proba xa é tarde. Non sei que pasa coas musas perdidas, pero gusto de pensar que marchan a acompañar a alguén que coide mellor delas. Penso que a xente despreza ás musas cando son pequenas porque requiren de moita dedicación, pero se as coidan e as miman velas medrar e transformarse en presenzas que alumean o camiño e a vida dos que acompañan. Eu seino porque o vin cos meus ollos. É un proceso bonito de ver.

As musas grandes son fortes e tenaces. Permanecen ao teu carón e tiran de ti cando caes. Non é que sexan imperturbables -teño visto moitas musas feridas- pero cunha pouca atención do seu protexido curan pronto e volven resplandecer coma se nunca houberan pasado mal ningún. Viven por sempre, e nin sequera podes matar a túa musa, porque se lle fas mal a musa simplemente marcha. Eu víaas invencibles. Pero trabuqueime.

Eu vin morrer ás musas, ou mellor dito, vin cómo as asasinaban. Hai xente que gusta de apisoar aos outros, esmagando os seus ideais, esperanzas e ilusións. Se a persoa cede á presión convértese nun autómata, abandonando as súas metas e soños e acollendo proxectos baleiros no seu lugar, proxectos que veñen ditados por outros. Deste xeito, acaba por confundir os medios cos fins, equivocando a importancia das cousas, e sometendo totalmente a súa felicidade ao traballo. Esquece a finalidade da súa vida e pásaa queimando os días, os meses, os anos. E a súa musa, enferma, permanece ao seu carón, fiel e leal, tentando salvala.

Pero xa cando a persoa perde a capacidade de rir ata doer, a musa cae, ferida de morte. A morte da musa non é un proceso violento, transcorre pacificamente. É máis ben tráxico, tranquilo. Ves a musa perder a pouca luz que lle quedaba e comezar a esvaecerse no aire, coa mirada triste fixa no chan e a face esbrancuxada . Sentes no interior crecer o silencio, a soidade, a pena. O aire que entra ao respirar é cada vez máis frío, e conxela o teu corpo, permanecendo inmóbil e sen poder apartar a mirada da imaxe que desaparece. Cando xa non podes ver a musa sentes coma se o mundo enteiro berrase de dor e chorase a súa perda. Algo de todos morre coa musa.





O CASO MARABILLA

por Juan Emilio Rodríguez Fernández

Abondaron uns minutos co doutor Marabilla para que o brillante científico, cun símil agroplatónico, envorcase en palabras o que a súa mente albergaba sobre a condición humana. "Pequenos e insignificantes, como ravos en terra, apenas acadamos a tocar, e para iso, cos pelos, o que as musas nos ofrecen".


Era o de Marabilla un caso difícil para o Bufete Avo & Gado. O seu nome comezara a soar primeiro nos escuros currunchos da bienal armamentística, despois nas axencias nacionais de intelixencia e, finalmente, pouco antes de saltar á prensa, na central nuclear de Infernovile cando as súas alarmas vocearon que as reservas de uranio desapareceran.

Unha orde internacional de busca e captura perseguiuno ata dar con el e coa súa maquinaria nuns almacéns abandoados. Esposado levárono, e esposado deixárono na estanza entre reixas na que Avo, socio fundador do Bufete Avo & Gado, deu os primeiros pasos de cara a defender ao doutor. Na súa estratexia, acordaron culpar dos seus actos ás musas -instigadoras finais de toda idea- e nunca, nunca, mencionar os detalles da súa recén inventada máquina que, alimentada de uranio, viaxaba no tempo para ter lista a comida antes de comezar a cociñar.





Ateneo Ferrolán







MATA UNHA MUSA...inspírate

por Mario Marcos Pardo

Non se sabe moi ben cómo escomenzou, uns din que foi por unha revistiña e a súa convocatoria para escribir sobre cómo asasinar as musas, outros, en cambio, sosteñen que a xénese dun fenómeno de tal magnitude non pode ser puntual. A controversia entre os científicos investigadores da aberrante peste tampouco ten botado algunha luz sobre a súa orixe.

No que parece haber certa unanimidade é na identidade da primeira musa asasinada: María dos Anxos Ortigueira Couceiro, limpadora no Museo da Fenosa na Coruña. A muller apareceu degolada derriba dunha turbina Pelton e vestida cunha das cortinas do museo a sorte de túnica; no chan, escrito co sangue da víctima: Urania, 18 de maio do 2009.

Dados os indicios culturais presentes no caso, unha obrigada visita a Wikipedia proporcionou á Policía certas luces: un, Urania é a musa da Astronomía e da Astroloxía, e filla de Zeus e Mnémosine; dous, o vocábulo museo significa en grego antigo, a casa das musas; tres, o 18 de maio é o día internacional dos museos; catro, toda obra de arte gardada nun museo troca a súa identidade debido a sofrer un ou varios imaxinarios procesos de transfiguración; cinco, a Pelton, un dos tipos máis eficientes de turbina hidráulica, é constituída por unha roda equipada con culleres na súa periferia (como un rodicio dos muíños mellorado); as Pelton están especialmente realizadas para ser usadas en saltos de auga de moito desnivel e caudal relativamente pequeno.

Os detectives ao cargo, cumprindo a súa función co debido celo, consultaron con varios expertos nos eidos da mitoloxía grecolatina, museística e hidráulica, non por desconfiar da erudición enciclopédica da Wikipedia como algún mal pensado deixou dito, e mediante as conversas cos especialistas refugaron a pista da turbina e profundaron nos imaxinarios procesos de transfiguración, chegando a comprende-la mutación do homicidio de María, por mor dos citados imaxinarios, no homicidio de Urania, é dicir, atopábanse en fronte dun duplo asasinato: o da limpadora María, e o de Urania, musa.

Meses de traballo policial estéril, o duplo crime ficou sen resolver.

Desapercibido pasou que ao achegarse o día dos museos, un fato de estudiantes de Belas Artes convocara, de brincadeiras, nas redes sociais a xornada mundial do asasinato de musas; o seu lema: *Asasina unha musa. Inspírate!*

Xa era tarde cando soaron as alarmas: o 18 de maio, en cincuenta museos de todo o mundo - uns grandes e outros pequenos, de mecenazgo público ou privado, especializados nas máis diversas artes e saberes, xa fosen de Arte Sacro ou adicados ao viño, moi visitados ou esquecidos do público - apareceron asasinadas, usando os máis diversos métodos – coitelada, lapidación, o refinado veleno da Chironex fleckeri, ou medusa da caixa, por afogo en caldo rancio, a vulgar malleira,… -, cento dezasete persoas. Común nas mortes: todas mulleres, todas identificadas como musas.

Se a vaga mundial de indignación xerada polos crimes foi grande, non foi menor a provocada polo asasinato das musas; dúas mostras: o Réquiem de Mozart interpretado, pola Orquestra dos *vintesete* no Parlamento Europeo, rendendo homenaxe ás musas defuntas; a publicación nalgúns xornais de máis esquelas, pagadas por





Academias e Ministerios de Cultura, recordando ás musas cás verdadeiras víctimas.

Despois de meses de extenuante traballo policial uns poucos asasinos imitadores foron detidos: o marido *mateina porque era miña*; un director dun museo descoñecido buscando sona para a súa institución; un becario ciumento da capacidade das súas tres compañeiras de laboratorio; tres putañeiros algo bébedos; dous políticos envexosos degradados, despois de moitos anos de militancia, por bonecas loiras acabadas de chegar e promovidas polo sistema de cotas; o pequeno burgués cultivado e doente do mal de Stendhal; tres cornudos; un adolescente inzado de espunllas; o chulo de putas de sempre, ...









BANG! BANG!
por Miguel Angel Alonso Diz

Mateino. Roubarame a vida.

O cheiro a pólvora asolagaba a escena e un fío prateado de fume xurdía dunha vella estilográfica A.A. Waterman #6, vestida de loito para a ocasión. O corpo durmido da vítima xacía do revés debido a miña covardía, e inda podía sentir como a calor das súas mans enchían a folla de vida imaxinada.

A tinta vermella deixaba un camiño de lembranzas ao longo dos meus ollos, debuxando figuras dignas dun atardecer de verán.

Fiquei enviso ante o cadro que eu mesmo axudara a perfilar.

Os meus dedos perderon nun intre a forza da xuventude, e a vella amiga enloitada precipitouse cara a escena do crime coa axuda dunha gravidade traizoeira. O bater do seu corpo arrincou un laio contido do seu interior e nos seus beizos fixo presenza unha pequena mostra de humanidade.

Todo foi silencio de novo na noite estrelecida…

Mateino. Roubarame a vida – foi de novo a miña xustificación; pero non habitaba ninguén máis naquel curruncho esquecido. Así o quixera eu durante anos, e así fora por mor da miña rexa querenza pola soidade. Inda que non estaba só. Tíñao a el, que me roubara a vida co lento vagar dos soños.

Agora, sentíame mollado pola tristeza. Seica comezara a chover no interior da noite rímmel de salgada culpabilidade fuxidía.

Tratei de moverme, pero foime imposíbel.

E alí quedei, xunto con aquel cadáver que chamara amigo; xunto aquel cómplice pluriempregado, matachín inesperado, que ollaba canso á busca dun novo horizonte.





COMO ASASINAR AS MUSAS (e vivir pra relatalo)

por Óscar Bouzas

Tiña o escritor unha teima que lle viña de parada vella. Quería escribir un texto con cabeza, mais sen corazón. Soñaba nas noites estrelecidas con ceibarse da longa, férrea cordame inspirada, ditadura das musas ca o visitaban a cotío sen tan sequera chamar a porta pra preguntar se a súa presenza fora concibida. Compoñía verba trás verba, liñas e versos, parágrafos superpostos, rimas, balbordo de sons elocuentes ó seu redor, mesmo ó seu carón, voces doutras e doutros. O escritor quería unha voz de seu. Pero non a daba topado, porque as musas aparecían cada vez ca un sentimento lle facía tremer o latexo, ou cando sentado na cadeira sobre un papel en branco, debuxaba lume en octavillas. Pero non era el, senon elas.

– “Marchade, xa tiven abondo de vós!!!”– dicía o escritor, berraba ollando para o ceo, cuberto pola teito da habitación que non era quen de percibir, mais a visita das musas continuaba sen remorso. Decatouse de que a única maneira de rematar con aquilo sería facendo algo drástico: asasinaríaas a todas. Pero non sabía cómo, nunca asasinara a ningún ser humano, xa que logo moito máis difícil sería arremeter contra seres metafísicos que aínda que falaran por el, nunca vira directamente. Entón decidiuse a convocar unha reunión entre vítima e inspiradoras, ese sería o anzol perfecto para romper para sempre có seu pesadelo. Aquela mañá, como calquera outra, sentou na cadeira e desvelou a punta da estilográfica, rematara había ben pouco un texto pendente de ser publicado, polo que podía comezar de cero, pareceulle a mellor das invitacións simbólicas. Achegou a súa man esquerda ó papel e aconteceu novamente, escribiu case un parágrafo enteiro sen decatarse, as ideas bulían incontroladas, case insolentes. Recuou antes de formar a palabra *solpor*. –“Sei que estades aí, coma sempre, quero falar convosco” – non se escoitou nada, a dobre xanela asolagaba a estancia, a mente fervíalle. – “Por favor, cómpre que nos vexamos, non vos quero facer mal, só negociar unha tregua” –. Soltou a estilográfica, ollou para o ceo e reparou en que xa non podía velo, cubríao a parede. Sentou. De súpeto sentiu un calafrío que lle baixou dende o lombo ata os nocellos e que lle fixo pechar os ollos nun xesto case doloroso. Cando acordou viu a unha muller, sobre a cama, tombada e coa mirada fixa, abrazábase a un neno cuxa cabeza acougada no seu peito. Era fermosa. Cando se ía dispoñer a falar con ela o rapaz xirouse, o escritor contemplou entón ó seu mellor amigo da infancia, aquel có que aprendera a quitarlle as rodiñas a bicicleta e a engaiolar os saltóns a beira da igrexa. O escritor ergueuse lentamente coa boca entreaberta, non podería falar aínda ca o desexase, entón un ruído sobresaltouno alá no corredor, cando abriu a porta abraiouse da presenza dos seu pais, moito máis xoves do que agora, o pai moreno coma el, sen unha cana percorréndolle o cabelo, a nai esvelta e riseira; outra muller descoñecida abrazábase a ámbolos dous e pedíalle que a seguira cun suave aceno no seu dedo índice. O escritor entrou no cuarto de estar e atopou acomodados no sofá a súa moza de sempre e máis o seu avó, falecido había anos. Estaban a manter unha conversa en portugués e galego. Unha nena descoñecida sentaba canda eles, moi atenta. O escritor tentou falarlles, pero estes non escoitaban. Algunhas bagoas guindáronselle polas meixelas. Mulleres e nena situáronse xusto nas súas costas. – “De verdade queres asasinarnos? Dixeron fachendosas”. O escritor deuse a volta cara elas e mirándolles fixamente os ollos comezou a sorrir perversamente,






asustáronse as tres. – "xa non estades na miña mente, amosástesvos coma sodes, agora mesmo escribirei sobre vós, o mundo enteiro coñecerá da vosa existencia, xa non poderedes manipular a ninguén máis, deberedes aceptar a vosa materialidade, e entón pereceredes" – Eran elas as que choraban e berraban, mais pregaban no baleiro. Correu o escritor cara a súa habitación e comezou coas seguintes liñas: *Tiña o escritor unha teima que lle viña de parada vella.*








Ateneo Ferrolán







A MUSA NEGRA
por Tito Pérez Pérez

Aquel cadro era diferente. Aquel intre así representado. A morte petrificada, mítica. O aspecto máis instantáneo do inefable devir da lenda humana, da propia historia.

Contra a dereita o inmortal heroe, afouto, confiado, armado aínda na destra de espada, termando dela con firmeza, mais sabéndoa inerme e sen obxecto perante o arrebatador poder que pendura da súa esquerda e que sobrancea a escena dende o centro; a testa infernal, o terrífico monstro amansado e cativo, a única das gorgonas non invulnerable, a musa decapitada, Medusa.

Un busto desvencellado e tremebundo, lívido no seu horror, un chafariz que esparexe as súas letais enxurradas de xeito súpeto e imperturbable, fosilizando a aqueles que ousan indagar no misterio das súas dúas biquelas escuras e sen vida, e que apenas un intre antes enfiaban o gume das súas lanzas cara o corazón do argonauta Perseo.

Unha musa tétrica, poderosa, macabra, centro dunha eclosión de orde xélido e cristalino, que domina sobre a desordenada barafunda do fragor da batalla, representada por pernas, brazos, cabezas, corpos que estordegan polo chan, totalmente alleos ó desenlace final da batalla e ó enteiro intre histórico.

Unha musa antagonista, cáseque contraditoria, que recende un hálito de morte por tódolos poros da súa aleixada figura, mais que fornece dende as fonduras dos seus abismos os tegumentos precisos para materializar a inspiración creadora do artista. O esperpento e o pavor como motivo mitolóxico e artístico. De certo, pictórico.

Ó cabo, cómpre apuntar que a ferocidade do mito proseguiu por canles máis lúdicos, e a testa e a musa convertéronse en agasallo para a deusa Atenea, coas cales orlou a súa adarga e de seguro se chufou e falcatruou con tan singular brinquedo no país do néctar e a ambrosía, mais esta semella xa outra historia…




EN CELANOVA HAI UNHA NENA TRISTE

por Xoán Carlos Domínguez Alberte

En Celanova hai unha nena triste.

Quérena bota fóra das aulas do
instituto
do Poleiro
os que mandan.

A cultura é ben público
para todos.

A especulación co público é negocio
para uns poucos.

As aulas que fan presente
a historia viva da cultura
din só ao alcance de nosoutros.

Os que mandan
queren apropiarse do patrimonio
das aulas do Poleiro
que é de todos.

Tentan botala fóra do instituto
para facer negocio.

En Celanova hai unha nena triste.

Atenea queda fóra de xogo.





S







#

musas



REALIDADE
por María Ónega

-A realidade, Baskett, a realidade desnuda sen adxetivos nin aditivos, a realidade tal cal é, retratada precisa a través da mirada sobria do xornalista invisible, coas palabras xustas e nin unha máis, así, así é como se escribe, aprenda!- o xefe de redacción tirou con forza e desprezo un puñado de folios enriba da mesa onde Baskett se engurraba miserable e suoroso.
-Señor Middlewood.. eu..- a escea atraera xa todas as miradas, maiormente indiferentes do persoal do New Herald of Northomp, desocupado por ser case hora do peche - eu..
-Vaia para a súa casa, Baskett, fume un par de cigarros e volva mañá con unha boa historia que contar ou mandareino de volta facer a crónica de sucesos locais ao pobo de mala morte de onde nunca debeu saír- O señor Middelwood colleu o sombreiro e sen máis ceremonia abandonou o local.
Baskett recolleu as follas, estradas por todo o escritorio e o chan, mesmo tuvo que axeonllarse para chegar a unha delas, moi metida abaixo das mesas, meteunas na carteira de mala maneira e apresurouse tamén a saír canto antes.
A señorita Sanders, a guapa loira de secretaría adicoulle unha burlona cara de pena, un esbozo de bico cos beizos e un "meu pobriño" que mereceu unha mirada severa e unha chamada á orde por parte da editora adxunta: "Sanders, ao traballo", dixo, sen reparar siquiera en Baskett que se despedía tan correcto como inaudible.
Xa na porta, Baskett pechou os ollos para respirar profundamente o aire negro da noite de septembro..
-A ver se miras por onde vas, pasmón!- Baskett abríu os ollos, sobresaltado polo choque e o exabrupto. O mozo de conserxería, con unha escoba e un recolledor na mán, ollabao furioso.
-perdoe.. esto.. perdoa- Baskett arrepentíuse por se disculpar casi o mesmo tempo que se excusaba.
Nas rúas grupos alegres de homes e mulleres camiñaban sen presa cara os neóns luminosos dos bares que xusto comenzaban a acenderse .
Baskett acelerou o paso, con ánimo de refuxiarse na seguridade do seu apartamento, dúas mazás máis abaixo.
O consello de Middlewood Baskett non podía seguilo ao pé da letra, que nunca puidera fumar medio cigarro sen poñerse malo, así que o primeiriño que fixo Baskett na súa casa foi sentarse diante da súa amada Remington e teclear decidido:
"Como cada mércores mañá dende había seis meses, Johnny, o mozo de conserxería esmerábase en deixar impecable a porta acristalada da New Northam Gazette cando con certa sorpresa se percatou da presencia dun atractivo home duns corenta anos que se dispoñía a entrar. Interrumpiu a súa limpeza e abríu a porta con respeto, ao tempo que agachaba o trapo tras de sí.
-Bon día, señor Basketfield- Saudou sonrinte e un pouco intrigado.
Baskettfield chegaba un pouco retrasado con respecto a súa hora oficial de chegada, pero moito antes do que acostumaba aparecer, os días que aparecía.
A entrada do señor Basketfield na redacción fixo que por un momento adelgazara o marteleo de máquinas de escribir e varios pares de ollos se desviaran en mirada curiosa cara a porta. Sunders, a explosiva loira de secretaría, clavoulle unha mirada cargada de desexo sen disimulo e murmurou un "bos días, señor Baskettfield" casi obsceno que mereceu a inmediata reprobación da reprimida e celosa editora adxunta: "Sunders, céntrese", dixo, ao tempo que lle dirixía unha furtiva e enamorada mirada a Baskettfield, que a captou sen aparentalo. "Bos días bonequiña... bos días señorita Sunders" . As dúas respiraron irritadas.
Baskettfield continuou a paso firme cara o redactor xefe, que o agardaba sen moverse da súa cadeira. Sen ser convidado a facelo, Baskettfield sentouse enfrente e petou cun rollo de folios na mesa:
-Aprenda cómo se escribe! A realidade, nada máis que a realidade desnuda sen aditivos, coas palabras xustas e nin unha máis, retratada pola mirada sobria… -pausa para acender un cigarro antes de acabar triunfante- ..do xornalista invisible. "
Baskett marcou o punto e final en éxtase, retirou cuidadosamente a folla e logo, agotado, meteuse na cama e tapouse moi ben.





AS FUNCIONS SOCIAIS DA ARTE

por Luis Rapela

As funcións sociais da arte levăronnos a un cambio tanto na función do artista, como dos colectores, onde se expón-gardan, os seus traballos. Os accesos aos coñecementos e acontecementos artísticos son xa tan rápidos, que o sentido dos museos do século dezanove e a súa filosofía seguen en vigor na actualidade. Quedan obsoletos e sen ningunha función, máis que a de acto burgués social fomentado por egos de artistas que a maioría tampouco fixeron unha lectura da función social da súa obra e máis preocupados por tendencias e consideracións sociais desde un punto de vista de funcionario.

Os museos xa non deben ser o lugar onde habitan as musas, senón onde teñan entrada os creadores a talleres libres e participativos, onde o público poda cooperar e participar no momento creativo.

Lugares onde intercambio de ideas e disciplinas creativas dos distintos campos da arte, podan servir de revulsivo para fomentar prácticas e sensibilidades máis aló da plástica e a imaxe. Un espazo para o coñecemento, as técnicas e a aprendizaxe. O culto á personalidade que faise desde o museo máis importante ata o máis cutre de provincias non ten sentido nin revitaliza a vida cultural deses sitios.

A deficiente educación artística das escolas e dos institutos deben facer pensar aos nosos dirixentes que o coñecemento e a sensibilidade artística nace de forma espontánea. Estas deficiencias non se tratan con solucións; a esquerda asume o rol burgués das exposicións como un acto social e populista.





por un museo imaxinario





PROGRAMACION

ABRIL ✪ MAIO ✪ XUÑO 2011

✪ EXPOSICIÓNS: 6 de XUÑO.

Selección Fotografías presentadas ao

XXI CERTAME FOTOGRÁFICO SOBRE MEDIO AMBIENTE 2011

Coas fotografías seleccionadas farase unha Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o día luns día 6 ate o día 30 de xuño. (A sala está por concretar por mor das obras de rehabilitación da nosa sede)

Las bases: **BLOG: http://ateneo-ferrolan.blogspot.com/**





XXI

certamefotográfico

sobre medio-ambiente

2011



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202, Ferrol

www.ateneoferrolan.org





BENITO LOSADA
LUGO 1946 - OURENSE 2011




En 1978 foi designado director da Casa da Xuventude de Ourense, desde onde promoveu actividades de transcendencia cultural como o Outono Fotográfico, as Xornadas de Banda Deseñada, a Bienal de Caricatura, a Mostra Internacional de Teatro (Miteu) ou o Premio Ourense de Contos.

A Xunta Directiva deste Ateneo Ferrolán quere manifestar o noso máis sentido pésame pola perda de Benito Losada. Non o coñecíamos persoalmente, mais o trato afable que mantivemos con el ao longo de todos estes anos fixo posible que o noso Certame Fotográfico de Medio Ambiente tivera cabida no prestixioso Outono Fotográfico unha das moitas actividades promovidas polo seu traballo e bo facer.





Aniversario Seivane



¡O patriarca dos Seivane cumpriu 90 anos!

Xosé Manuel Seivane Rivas cumpriu 90 anos o pasado 9 de febreiro. Pasaron xa máis de 70 anos dende que Xosé Manuel Seivane Rivas construíu a súa primeira gaita co selo Seivane, cumprindo así o seu soño de neno de construír o seu propio instrumento. Polo que leva dedicando toda a súa vida á música tradicional galega, sendo un referente na construción, transmisión e difusión da nosa cultura.

Dende estas páxinas os nosos parabens a Xosé Manuel Seivane Rivas

"Porque os sonos dun neno deron lugar a un gran mestre"

ATENEO FERROLÁN - Febreiro 2011









XOSE NEIRA VILAS

5 xaneiro de 1961 - 5 xaneiro 2011



A cultura galega celebra os 50 anos de «Memorias dun neno labrego»

A Xunta Directiva do Ateneo Ferrolán quere facer pública a súa felicitación ao escritor **Xosé Neira Vilas** pola celebración dos **50 anos** da publicación de "*Memorias dun neno labrego*" unha das primeiras obras da literatura galega escrita para nenos e maiores e un auténtico best seller. O libro, publicado en 1961, superou xa os 600.000 exemplares vendidos e foi traducido a numerosos idiomas.

O pasado 5 de xaneiro cumpríanse 50 anos exactos da publicación, en Bos Aires e a cargo da editorial Follas Novas, do primeiro libro en prosa de Neira Vilas e con ilustracións de Luís Seoane, *Memorias dun neno labrego*, a historia daquel Balbino que defende a dignidade do ser humano e un personaxe perdurable.

"Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre". Así comezan as reflexións do neno protagonista, no territorio limitado do mundo rural galego.





Ateneo Ferrolán







MENSAXE INTERNACIONAL POLO DIA MUNDIAL DO TEATRO 2011

International Theatre Institute ITI.
World Organization for the Performing Arts

O Día Mundial do Teatro creouse en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI), organización non gobernamental dependente da UNESCO con sede en París.

Celébrase anualmente o 27 de marzo e unha das súas iniciativas é a circulación da Mensaxe Internacional, que este ano asina Jessica A. Kaahwa, Uganda

Jessica Kaahwa posúe unha longa e variada carreira na investigación e o deseño da metodoloxía de comunicación participativa para o desenvolvemento. Na actualidade dita clases nos departamentos de Teatro e Literatura Universal de Makerere, que é onde tamén recibiu a súa mestría. Obtivo a licenciatura na Universidade de Benin, Nixeria, onde tamén traballou como locutora no Servizo Exterior Ð Radio Nixeria.

A doutora Kaahwa realizou estudos sobre Historia do Teatro, Teoría e Crítica na Universidade de Maryland, onde recibiu o seu doutoramento no ano 2001. Tamén foi impulsora dunha serie de iniciativas nacionais, que trataron de utilizar o teatro e os medios de comunicación como unha forza construtiva na configuración dos conflitos e para a mellora da saúde.




A Mensaxe Internacional

A xuntanza de hoxe é un reflexo fiel do inmenso potencial que ten o teatro para mobilizar comunidades e tender pontes entre as diferenzas.

Imaxinaron algunha vez que o teatro podería ser unha potente ferramenta para a paz e a reconciliación?

Mentres as nacións gastan colosais sumas de cartos en misións para a paz en áreas do mundo en violento conflito , préstaselle pouca atención ao teatro como alternativa individualizada para a transformación e o manexo dos conflitos. Como poden os cidadáns da nai Terra acadar a paz universal cando os instrumentos que se empregan veñen dos poderes externos e aparentemente represores?

O teatro permea sutilmente a alma humana atenazada polo medo e a sospeita, alterando a imaxe que teñen de si mesmos e abrindo un mundo de alternativas para o individuo e, xa que logo, para a comunidade. Pode dar significado a realidades diarias mentres prevé un futuro incerto. Pode tomar parte da política en formas simples, directas. Ao ser inclusivo, o teatro pode presentar experiencias capaces de transcender conceptos pre concibidos erróneos.

Ademais, o teatro é un medio probado para avogar e introducir ideas que sostemos colectivamente, e polas que desexamos loitar cando son violadas.

Anticipando un futuro pacífico, debemos comezar por usar medios pacíficos que procuren entender, respectar e recoñecer as contribucións de cada ser humano no proceso de conducir á paz. O teatro é esa linguaxe universal pola que podemos enviar mensaxes de paz e reconciliación.

Enleando activamente aos participantes, o teatro pode facer que moitas almas reconstrúan os seus conceptos pre establecidos e, deste xeito, dá ao individuo a oportunidade de renacer para facer eleccións baseadas en coñecementos e realidades redescubertas. Para que o teatro prospere entre outras formas de arte, debemos dar un enérxico paso adiante para incorporalo á vida cotiá, tratando temas apremiantes de conflito e paz.

Procurando a transformación social e a reforma de comunidades, o teatro xa existe en áreas devastadas pola guerra e entre pobos que sofren pobreza e enfermidade crónica. Hai un número crecente de historias de éxito onde o teatro logrou mobilizar audiencias para construír conciencia e axudar a vítimas de traumas de post-guerra. Plataformas culturais como o Instituto Internacional do Teatro, que apunta a "consolidar a paz e a amizade entre as xentes" xa existen.

É daquela unha farsa manternos calados en tempos como os nosos, coñecendo o poder do teatro, e deixar que os que empuñan as armas e os que tiran as bombas sexan os gardadores da paz do noso mundo. Como poden as ferramentas de aliñamento seren tamén instrumentos de paz e reconciliación?

Comínolles, neste Día Mundial do Teatro, a pensar nesta perspectiva e a difundir o teatro como unha ferramenta universal para o diálogo, a transformación social e a reforma. Mentres nas Nacións Unidas gastan sumas colosais en misións de paz en todo o mundo co uso das armas, o teatro é unha alternativa espontánea, humana, menos custosa e moito máis poderosa.

Pode que non sexa a única resposta para traer a paz, pero o teatro debe seguramente ser incorporado como unha ferramenta efectiva nas misións de paz.







MARIO MARCOS PARDO

Cenzo


Fun facer os mandados,
obrar,
que diría a miña avoa,
ela sempre tan fina.

Tócalle deporte,
novas do As.

Meu pai non afanou onte ningún rolo no
traballo.





Como son.

Son estaca aguzada,
pouta de aguia,
dentame de lobo,
espiñas,
xogo de coitelos.

Son epiderme,
xugular,
pranto,
útero,
femoral.

Nítidos os contornos e integrados os
contrarios no meu ser.

Son auga que corre e vento nordés,
marea,
pescuda,
fanico no corpo,
hiperactividade.

Son rocha e mosteiro,
silencio,
baleiro,
zen.

Nítidos os contornos e integrados os
contrarios no meu ser.

O escuro, obxecto de desexo.

Un semáforo en vermello,
obras na estrada;
vai moita calor.


Pechada unha familia no seu coche,
confort de aire acondicionado.

Tres operarios na beirarrúa:
dous cargando un monico,
o terceiro cun gran cepillo.

A muller conductora ao seu marido:
Cantos músculos ten ese negro?





Lois Pereiro



Lois Pereiro - (Monforte de Lemos, 1958 - A Coruña, 1996).
DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2011

O Día dás Letras Galegas dará este 2011 un salto no tempo e na estética.
A efervescencia cultural dos anos oitenta en Galicia, os días do batifondo, do punk e da renovación das artes plásticas e da literatura teñen un símbolo en Lois Pereiro, o poeta de Monforte de Lemos a quen a Real Academia Galega (RAG) elixiu para homenaxear o 17 de maio de 2011.

A súa prematura morte, en 1996, aos 38 anos, convertéralle nun candidato incipiente ao Día dás Letras dende que se cumpriu unha década do seu falecemento, o prazo que esixen as condicións da RAG para outorgar a unha figura literaria o recoñecemento do 17 de maio.

Case todas as honras a Pereiro lle chegaron tras a súa morte, precedida dunha agonía da que deixou un testemuño desgarrador en Poesía última de amor e enfermidade, o segundo dos dous únicos libros que publicou en vida. Os seus poemas, moi en consonancia coa época, envorcáronse máis en revistas (La Naval ou Luzes de Galicia) e mesmo nalgunhas letras da banda punk Radio Océano, capitaneada polo seu irmán Xosé Manuel.

A propia Academia subliñou as "reticencias á difusión individual do seu traballo" que sempre mostrou "un autor de culto", como subliña a RAG. "Cartografou como ninguén o labirinto do mundo contemporáneo conciliando para tal fin o individualismo escéptico coa tradición demoledora do expresionismo centroeuropeo", afirma a institución. O presidente da Academia, Xosé Luis Méndez Ferrín, reivindicou ese carácter "contemporáneo" do escritor elixido para o Día das Letras, no que as habituais imaxes de escritores venerables deixarán paso á figura dun home co pelo alborotado e unha cazadora negra.




Tristemente convivo coa túa ausencia
sobrevivo á distancia que nos nega
mentres bordeo a fronteira entre dous mundos
sen decidir cal deles pode darme
a calma que me esixo para amarte
sen sufrir pola túa indiferencia
a miña retirada preventiva
dunha batalla que xa sei perdida
resolto a non entrar xamais en ti
pero non á tortura de evitarte.

Somentes

intentaba conseguir

deixar na terra

algo de min que me sobrevivise

sabendo que deberia ter sabido

impedirme a min mesmo

descubrir que só fun un interludio

atroz entre dous muros de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra

inocularlle para sempre a quen amaba

doses letais do amor que envelenaba

a súa alma cunha dor eterna

sustituíndo o desexo polo exilio

iniciei a viaxe sen retorno


deixándome levar sen resistencia

ó fondo dunha interna

aniquilación chea de nostalxia.

Poesía de Lois Pereiro. (Da nosa Biblioteca - Hemeroteca)



Nordesía, **Kachet** y **Filmanova** presentan a web que acompañará ao espectáculo '**Mundo Lois**' no ano no que o Día das Letras Galegas está dedicado ao poeta Lois Pereiro.

'**Mundo Lois**' é un espectáculo baseado en textos do poeta monfortino e dirixido por **Lino Braxe**, con escenografía audiovisual de **Manu Paz** e **Antón Reixa**, e a banda sonora de **Alexandro González**.

O mundo literario, intelectual e xornalístico de Galicia está abraiado coa escolla que fixo a RAG do finado poeta monfortino Lois Pereiro coma homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2011. Porén, eu non estou sorprendido. Tarde ou cedo tiña que pasar, e pasou. Aconteceu a tempo, no momento preciso, cando se está a pelexar por manter máis viva ca nunca unha lingua acosada.

No amparo do noso idioma temos que achegar aos mozos e mozas do noso país un galego vivo, contemporáneo, moderno, achegado, aclimatado aos tempos, axeitado ao contexto actual, adecuado ao noso presente e ao noso porvir, adaptado á realidade que viven os novos galegos. E a RAG semella que así o etendeu, dedicando o Día das Letras do 2011 a un poeta contemporáneo e punk coma Lois Pereiro.

Manterse afastados no tempo da mocidade galega era soster a nosa lingua coma un vestixio, coma unha lingua pretérita zarrapicada de necroloxía e morriña decimonónica. Tiñamos que virar 180 graos, camiñar en galego ao revés e agarrarmos ao presente para achegarmos ao principio: de Lois Pereiro a Rosalía, do punk ao Rexurdimento.


O galego pode empezar unha nova andaina no 2011 con Pereiro. Unha etapa viral na que lles poderemos achegar ás novas xeracións unha lingua viva zarrapicada da contemporaneidade e, con ela, facer o camiño cara adiante e tamén cara atrás, cara o porvir e cara as orixes.

No 2011 hai que abordar a obra e figura maldita de Lois Pereiro sen escatimar nada, sen prexuízos e sen eufemismos sobre o poeta que deixou escrito: "O futuro é por forza alleo a min". E logo haberá que seguir facendo prospeccións. Haberá que ir dando máis pasos cara a normalización do presente e a procura do futuro. Haberá que dedicarlle o Día das Letras Galegas a un autor vivo. Porque o Día das nosas Letras non pode ser só unha sorte de festividade necrolóxica.

Hai que anovarse e darlle valor aos nosos literatos vivos. Hai que actualizarse e procurar e divulgar novas estéticas. Hai que achegar á mocidade galega novos paradigmas literarios e lingüísticos.

Temos que ser punks e rachar os canons para abrir novas fiestras e ampliar horizontes á nosa lingua e á nosa literatura, ou non haberá futuro. E o futuro, querido Lois, xa non é alleo a ti.

www.mcshuibhne.com












Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:

MESÓN “O ESCUDO”, A ESCOLA DA VACA, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA.







Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org